

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE POIO PARA FINALIZAR AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DA “CASA DE COMBARRO”

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Luis López Dieguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra (CIF P3600000H) en virtude no nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 6 de xullo de 2023, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 8/1997, do 22 de xullo, das Administracións Locais de Galicia

Doutra parte, D. Angel Moldes Martinez , alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Intervén D<sup>a</sup> María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e,

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRYPY5GBEF5



## MANIFESTAN:

1º.- Os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establece o artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), 57 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do réxime Local (en adiante LBRL) e 198 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA)

2º.-A Deputación de Pontevedra e o concello de Poio asinaron en data 19 de abril de 2023 o "*Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Poio para regular a cesión gratuíta do inmovible Casa de Combarro a favor do Concello*" co fin de instalar un centro de promoción turística e do patrimonio histórico-cultural municipal. Dito inmovible da Deputación localízase en c/ Cruceiro nº 59 (Combarro-Poio), con referencia catastral 4479802NG2947N0001HB, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Pontevedra (finca CRU 36024000479845 de Poio). O convenio establecía un prazo de vixencia de dous anos desde a súa data de formalización.

En virtude de dito convenio a Deputación obrigouse a ceder ó concello a plena propiedade do inmovible, redactar o proxecto técnico para a execución da obra de conservación da Casa de Combarro, e licitar, dirixir, executar e recibir dita obra. Asimesmo comprometeuse a tramitar a concesión ao Concello de Poio dunha subvención nominativa para a redacción e execución do proxecto de musealización, ata o importe máximo de 100.000,00 euros.

O concello de Poio obrigouse a aceptar a cesión do inmovible, incorporar o mesmo ó patrimonio municipal, encargar a redacción do proxecto de musealización do inmovible para destinalo a crear un centro de promoción turística e do patrimonio histórico-cultural municipal.

O expediente da cesión do inmovible pola Deputación a favor do concello fora aprobado inicialmente polo Pleno provincial en sesión do 21 de decembro de 2022 e sometido a exposición pública sen que se presentaran alegacións, polo que dita cesión aprobouse definitivamente e publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 25, de 6 de febreiro de 2023. Pola súa banda o Pleno do concello de Poio en sesión do 27 de decembro de 2022 acordou prestar conformidade ó texto

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRPY5GBEF5



do convenio asumindo a obriga de aceptar a cesión gratuíta do inmovible, quedando demorada a eficacia da aceptación de dita cesión á realización pola Deputación das obras de acondicionamento do inmovible e a súa entrega ó concello

3º.- En data 19 de abril de 2025 produciuse o vencemento do convenio sen poder finalizarse pola Deputación a obra de conservación da Casa de Combarro comprometida dentro do prazo de vixencia de dito convenio debido a continxencias sobrevidas que produciron diferentes problemas e retrasos na execución de dita obra que se acreditan no informe emitido polo servizo de Arquitectura da Deputación que obra no expediente.

4º.- Debido a ditos problemas faise necesario dar continuidade e finalizar as obras de conservación da Casa de Combarro, e considérase necesario subscribir un novo convenio entre a Deputación e o concello de Poio que proporcione a cobertura xurídica e administrativa para finalizar dita obra, e deste xeito facer efectiva a cesión da plena propiedade do inmovible a favor do concello de Poio.

6º.- Sendo a vontade das entidades comparecentes a de finalizar dita obra e cumprir co resto das obrigas convencionais establecidas no convenio vencido, ámbalas dúas partes acordan a subscrición dun novo convenio de colaboración de xeito que se faga efectiva a cesión da plena propiedade do inmovible a favor do concello de Poio conforme consonte ás seguintes,

## CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para rematar as obras de conservación da “Casa de Combarro”, sito en c/ Cruceiro nº 59 (Combarro-Poio), con referencia catastral 4479802NG2947N0001HB, inscrito no Rexistro da Propiedade nº 2 de Pontevedra (finca CRU 36024000479845 de Poio), de xeito que se faga efectiva a cesión da plena propiedade do inmovible a favor do Concello, conforme aos acordos plenarios adoptados por ambas Entidades reflectidos na parte expositiva deste Convenio.

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRYPY5GBEF5



## Segunda.- Importe

A obra de conservación da Casa de Combarro obxecto do presente convenio ascende a un importe de 237.537,08 € (IVE engadido) conforme co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
<i>Orzamento de adxudicación proxecto modificado, con IVE, incluídos posibles excesos medicións, seguridade e saúde e control de calidade</i>	151.537,08
<i>Orzamento danos condicións meteorolóxicas</i>	60.000,00€
<i>Asistencia técnica restauración</i>	20.000,00 €
<i>Asistencia técnica estruturas</i>	6.000,00 €
<b>Importe obras novo convenio</b>	<b>237.537,08 €</b>

## Terceira.- Financiamento

A obra de conservación da Casa de Combarro será financiada no 100% pola Deputación de Pontevedra con cargo á aplicación orzamentaria 26/457.4500.63203

## Cuarta.- Obrigas da Deputación de Pontevedra

-Executar as actuacións pendentes derivadas do proxecto da obra de "Conservación da Casa de Combarro" e o seu modificado, e recibir dita obra unha vez rematados os traballos.

-Facer a entrega do inmovible "Casa de Combarro" ó concello de Poio con carácter simultáneo á recepción da obra pola Deputación, ou no seu defecto, nun prazo máximo de 15 días desde a data de sinatura da acta de recepción da obra.

-Realizar os trámites que correspondan para a concesión ao Concello de Poio dunha subvención nominativa para a redacción e execución do proxecto de musealización da " Casa de Combarro", ata un importe máximo de 100.000 euros

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRYPY5GBEF5



-Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.

#### Quinta. - Obrigas do Concello de Poio

-Recibir o inmovible “ Casa de Combarro” da Deputación e incorporalo ó patrimonio municipal asumindo todas as obrigas inherentes á plena propiedade do inmovible partir da data da entrega do mesmo.

-Redactar o proxecto de musealización da “Casa de Combarro” para dedicar o inmovible a un centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e desenvolvemento local, e executalo en todos os seus termos, incluída a obtención previa de todos os permisos e autorizacións sectoriais que foran necesarios.

- Poñer en funcionamento o centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e desenvolvemento local nun prazo máximo de dous (2) anos desde a data de transmisión do inmovible, e destinar o inmovible a dito fin durante os trinta anos seguintes. En caso de incumprimento de dito prazo, o inmovible reverterá ao patrimonio da Deputación de Pontevedra con todas as súas pertenzas e accesións

-Tramitar no Catastro inmobiliario e no Rexistro da Propiedade a regularización xurídica do inmovible como consecuencia da cesión do inmovible a favor do concello, asumindo todos os gastos notariais, de inscrición rexistral e todas as taxas e impostos derivados da mesma.

#### Sexta.-. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha duración de dous (2) anos, e poderá prorrogarse por un (1) ano adicional.

#### Sétima.- Comisión de seguimento e control

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRYPY5GBEF5



Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento da que forman parte o Presidente da Deputación de Pontevedra e o Alcalde do Concello de Poio, ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue, e un representante técnico de cada Administración. As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do mesmo.
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

#### Oitava- Extinción

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nas causas de resolución establecidas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Novena.- Xurisdición

As partes comprométense a resolver amistosamente calquera desacordo que puidera xurdir na interpretación ou cumprimento do presente convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

En caso de non ser posible unha solución amistosa e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver ditas cuestión será a contencioso-administrativa de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Asinado electronicamente

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 1UTO2ENRPY5GBEF5

